

NON MATARÁS

Krzysztof Kieslowski, 1988

1355

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2024 | V.O.S.E. | 85 min

Varsovia. Un taxista está lavando o seu coche. Jacek, un mozo campesiño de mirada turbia, vaga pola cidade. Piotr, un estudante de dereito prepárase para facer o seu último exame. Os seus destinos crúzanse canto Jacek colle un taxi para ir ás aforas da cidade.

«Un filme imprescindible contra a pena de morte e unha lección de sobriedade narrativa ao servizo dun discurso moral intachable»

M. Torreiro, EL PAÍS



Descrición dunha derrota

Por Javier Puig

A partir do seu xenial *Decálogo*, esas dez pezas dunha hora, para televisión, dedicadas cada unha delas aos diferentes mandamentos da Lei de Deus, Krzysztof Kieslowski dirixiu dúas versións estendidas deses capítulos, o primeiro deles, *Non matarás* (1988). Nel, Kieslowski incide na tendencia á crueldade dunha sociedade enferma na que queda afogada calquera ansia de rexeneración. A sordidez é remarcada polos filtros dunha cámara que sempre escurece as imaxes, centrándoas na súa máis punzante exposición. Estamos no ambiente frío, desanxelado, dos grandes edificios como cemiterios de abortadas alegrías, das rúas inhóspitas, dun mundo manchado pola aspereza de cada xornada sen apenas consolación. A música subliña esa enorme ferida de tristeza.

O protagonista é un mozo de vinte anos, perdido na capital polaca, que non asume ben a soidade. Asistimos a unha sucesión de pequenos detalles malignos que van configurando a súa desesperada tristura. Doutra banda, temos o aspirante a avogado que expón ante un tribunal o seu ideario, o seu concepto da xustiza no que o castigo só debe ser rehabilitador ou disuasorio. "Desde Caín os castigos non melloraron ou disuadiron ao mundo de cometer crimes", di, e o tribunal examinador ri del. Doutra banda, temos o taxista, un home exento de calquera sentimento de solidariedade, cruel cos animais.

Non matarás é, entre outras cousas, unha alegación contra a pena de morte. Pero Kieslowski non nolo pon fácil (se cadra un pouco, ao final). Resulta case imposible empatizar con Jacek, ese mozo que espanta pombas, cospe nos restos do seu café pensando en que alguén tan miserable como el o vai tomar despois, e que, desde unha ponte, lanza unha pedra que estala nun parabrisas. E, finalmente, o seu traballoso asasinato dese taxista indesexable. Trátase de alguén verdadeiramente desapiadado, que goza repartindo xenerosamente o mal que alberga na súa alma. De todos os xeitos, ese crime móstrase como gratuito, desproporcionado, produto do grave malestar do mozo, que tamén podería desencadearse ante a presenza dun home menos abominable, só decepcionantemente común.

Hai unha contraposición entre o avogado principiante, aínda idealista, e os maxistrados que o entrevistan; entre o mundo oficial, atrocemente instalado, e os desexos de verdadeira xustiza e moral; pero aínda máis co mundo de fóra, con ese mozo que deambula polas rúas, ocioso, odiando a recíproca animadversión que sente ante cada ser egoísta, en cada distancia insalvable, en cada amargo antagonismo. O que ve é terrible, pero contéplao con certa asunción, como cando observa a eses homes que perseguen a outro até un caleixón para mallar nel. Nos urinarios un home parece rir del, e Jacek respóndelle agredíndoo, tirándoo ao chan, tras o cal móstranos o seu único aceno sorrinte. Por outra banda, só intuímos a súa capacidade para a tenrura cando leva a un estudio fotográfico unha deteriorada foto da súa irmá, no día da súa Primeira Comunión. Pedirá unha ampliación da mesma, pero, ante a pregunta á dependenta de se a través dunha foto se pode saber se unha persoa está viva ou morta, atopa outra reacción despectiva: "Que parvada". É a xeneralizada deshumanización dos personaxes, salvo o do avogado, que representa talvez unha pureza. Todo é triste, todo é silencio salvo as poucas palabras, que sempre describen unha derrota xeral.